

Microsoft Azure Solutions Architect Expert - 1ª Edición

Descrición

O curso AZ-305 Designing Microsoft Azure Infrastructure Solutions ensina aos arquitectos de solucións de Azure a deseñar solucións de infraestrutura. Os temas do curso abordan a gobernanza, o proceso, a arquitectura de aplicacións, o almacenamento, a integración de datos, a autenticación, as redes, a continuidade empresarial e as migracións. O curso combina as clases con casos prácticos para demostrar os principios básicos de deseño de arquitecto.

Obxectivos

- Deseñar solucións de identidade, gobernanza e supervisión adaptadas aos requisitos empresariais.
- Definir estratexias de autenticación, autorización e control de acceso mediante Azure AD, RBAC e políticas de Azure.
- Deseñar solucións de almacenamento e datos que equilibren rendemento, dispoñibilidade e custo.
- Planificar arquitecturas de computación con alta dispoñibilidade, escalabilidade e redundancia xeográfica.
- Deseñar infraestruturas de rede seguras e optimizadas para contornos híbridos e multirrexión.
- Deseñar solucións de continuidade de negocio e recuperación ante desastres (BC/DR) con Azure Site Recovery e Backup.
- Seleccionar servizos de Azure adecuados ás cargas de traballo (VMs, App Services, AKS, Functions, etc.)
- Deseñar solucións de seguridade, cumprimento e cifrado extremo a extremo.
- Deseñar plans de supervisión, optimización de custos e mellora continua con Azure Monitor e Advisor.
- Integrar compoñentes de infraestrutura con servizos PaaS e ferramentas DevOps para despregues automatizados.

Dirixido a

Este curso está deseñado para persoas que teñan experiencia e coñecementos de operacións de TI como as redes, a virtualización, a identidade, a seguridade, a continuidade do negocio, a recuperación ante desastres, as plataformas de datos, o orzamento e a gobernanza, así como experiencia no deseño e arquitectura de solucións.

É recomendable obter, previamente, a certificación Microsoft Certified: Azure Administrator Associate ou ter coñecementos e experiencia equivalentes.

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

Microsoft Certified Trainer (MCT) certificado para a impartición da certificación Microsoft Azure Solutions Architect Expert.

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO

MATRÍCULA

Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN

15/06/2026 - 31/08/2026

PROBA DE SELECCIÓN

02/09/2026 (18:30)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela

Nº PRAZAS

20 (Mínimo 10)

METODOLOXÍA

Virtual

TIPO DE EDICIÓN

Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)



DURACIÓN	48 horas
DATA INICIO	21/09/2026
DATA FIN	02/10/2026
HORARIO	De luns a xoves de 16:00 a 21:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	AZ-305: Designing Microsoft Azure Infrastructure Solutions
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	Microsoft Azure
PERIODO DOCENCIA	21/09/2026 - 02/10/2026

Temario

Módulo 1: Gobernanza do deseño

Módulo 2: Deseño dunha solución de proceso de Azure

Módulo 3: Deseño dunha solución de almacenamento de datos para datos non relacionales

Módulo 4: Deseño dunha solución de almacenamento de datos para datos relacionales

Módulo 5: Deseño da integración de datos

Módulo 6: Deseño da arquitectura dunha aplicación

Módulo 7: Deseño de solucións de autenticación e autorización

Módulo 8: Deseño dunha solución para rexistrar e supervisar recursos de Azure

Módulo 9: Deseño de solucións de rede

Módulo 10: Deseño dunha solución para as copias de seguridade e a recuperación #ante desastres

Módulo 11: Deseño de migracións

Módulo 12: Creación de solucións fantásticas co marco de boa arquitectura de Microsoft Azure

Módulo 13: Aceleración da adopción da nube en Microsoft Cloud Adoption Framework para Azure

